



Concello de Betanzos

Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

DECRETO: CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 8 DE XUÑO DE 2021

EXPEDIENTE: 2021/G003/000765

María Barral Varela, alcaldesa do Concello de Betanzos, no uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os distintos expedientes conclusos e as mocións presentadas para ser sometidos á consideración do Pleno da Corporación.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Ao abeiro da atribución que lle concede á Alcaldía o artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Tendo en conta a situación dos traballadores/as e o grave quebranto económico da empresa, que fan necesario tramitar o asunto por uxencia.

RESOLVO:

PRIMEIRO. Convocar a todos/as os/as concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal á sesión plenaria **extraordinaria urxente** que terá lugar de xeito telemático por videoconferencia, o próximo martes 8 de xuño de 2021 ás 20:30 h en primeira convocatoria, e unha hora despois en segunda convocatoria.

O motivo de realizar a sesión de xeito telemático por videoconferencia é debido a unha adaptación ás últimas medidas adoptadas pola Xunta de Galicia en materia de protección fronte á Covid-19

SEGUNDO. Establecer a seguinte ORDE DO DÍA para a devandita sesión:

1. Aprobación, se procede, da urxencia.
2. Solicitude de INICIATIVAS TURISTICAS Y DEPORTIVAS SL de indemnización por danos sufridos como consecuencia da declaración do estado de alarma e o posterior peche das instalacións

TERCEIRO. Que esta convocatoria se lle notifique en tempo e forma a todos os membros da Corporación, se publique no taboleiro de edictos e no portal de transparencia do Concello, e se dea conta desta na seguinte sesión plenaria ordinaria.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa

María Barral Varela

O Secretario

(Asinado aos efectos do art.3.2 do RD 128/18 do 16 marzo)

Adrián J. Márquez Caramés